

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova das Pombas de Perillo

En Perillo, Oleiros (A Coruña) hai unha cova que pasa por debaixo de todo o lugar. Nesta cova vivían unha manda de pombas selvaxes. Un día un gabían asustou unha daquelas pombas que, ao coller medo, entro na cova, percorreuna toda e foi saír por un pozo que hai no patio da Torre de Puga.

Tamén se di que nunha rocha que hai dentro da cova está escrita a palabra «wawoxa», e noutra mais hai uns números moi borrosos dos que só se distinguen o un e un oito.

BIBLIOGRAFÍA

COMENDADOR REY, B., FERRER CRUZ, J. e VÁZQUEZ COLLAZO, S., «Os castros do concello de Oleiros», en *Anuario Brigantino*, 2007, nº 30, páx. 143-166.